
 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
--	--	--

FICHA RESMO

Ano	2011	PE403A 2010/82-1 PE403A 2010/84-1
Entidade	CONFRARÍA DE PALMEIRA	
Plan explotación⁽¹⁾	MOLUSCOS BIVALVOS	
Réxime⁽²⁾	AUTORIZACIÓN	
Modalidade⁽³⁾	A PÉ	

Especies	Ameixa fina (<i>Ruditapes decussatus</i>), ameixa xaponesa (<i>Ruditapes philippinarum</i>), ameixa babosa (<i>Venerupis pullastra</i>), berberecho (<i>Cerastoderma edule</i>), ameixa bicuda (<i>Venerupis aurea</i>) e longueirón vello (<i>Solen marginatus</i>).
Ambito do plan	De Pta. Aguiuncho, por Illote de Grades, a Pedras Pallares.
Subzonas de explotación	Praias da Cambra (AR-195), de Insuela (AR-196) e Cruces (AR-194)

Participantes no plan de Explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
10 + 2	-	-
Ampliación do número de permex ⁽⁴⁾		Ver consideracións
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
-	-	-

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción		145										
Época y zona probable de extracción ⁽⁵⁾												
Modalidade ⁽³⁾ a pé												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	Dec	
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

Topes de captura ⁽⁶⁾			
Especies	A pé (Mariscadora/día)	Embarcación	Tripulante/habilitación
Ameixa fina	5 kg	-	-
Ameixa babosa	10 kg	-	-
Ameixa xaponesa	8 kg	-	-
Ameixa bicuda	3 kg	-	-
Berberecho	10 kg	-	-
Longueirón vello	10 kg	-	-

Artes a empregar	Sacho,
-------------------------	--------

Puntos de control	Nas zonas de traballo e peirao de Palmeira
Puntos de venda	Lonxas de Ribeira, Pobra e de Cabo de Cruz

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Épocas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos MariñosRúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25XACOBEO 2010
Galicia

Rexeneración zonas improditivas					X	X	X	X	X	X				
Zonas: Praia de Cruces e Praia de Cambra														
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D		
Extracción semente para resembrar					X	X	X	X	X					
Zonas: Praia de Cruces, Praia da Cambra														
Especies: Ameixa fina, ameixa babosa, ameixa xaponesa e berberecho.														
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D		
Sementeiras					X	X	X	X	X					
Zonas: Praia de Cruces, Praia de Insuela														
Especies: Ameixa fina, ameixa babosa, ameixa xaponesa e berberecho.														
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D		
Traslados					X	X	X	X	X					
Zonas: Praia de Cruces, Praia de Insuela, Praia de Cambra.														
Especies: Ameixa fina, ameixa babosa, ameixa xaponesa e berberecho.														
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D		
Rareos					X	X	X	X	X					
Zonas: Praia de Cruces														
Especies: Ameixa fina, ameixa babosa, ameixa xaponesa e berberecho.														
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D		
Limpezas e arados	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: Autorizacións Palmeira														
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D		
Outros														

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Zona de produción: Non se acepta a ampliación da zona de traballo proposta neste plan, incluíndo a praia da Corna, posto que os límites da autorización administrativa desta confraría, outorgada pola Consellería de Pesca, Marisqueo e Cultivos Mariños con data 22 de xuño de 1987, son os comprendidos entre Pta. Aguiuncho, Illote de Grades e Pedras de Pallares.

Especies: Inclúe o berberecho como especie obxecto de extracción. Este recurso non está contemplado como especie autorizada nas zonas explotadas en réxime de autorización, sen embargo, a súa presenza nestes bancos e o tradicional da súa explotación nestas praias aconsellan autorizar a súa explotación ao abeiro deste plan de explotación a pé de moluscos bivalvos en zonas de autorización.

Ademais, engádesse o longueirón vello -para o que esta entidade ten presentado un Plan específico de explotación en zonas de autorización e libre marisqueo para a modalidade de a pé- ás especies obxecto de explotación neste Plan, dado o carácter residual da súa extracción, como especie acompañante. A inclusión desta especie facilitará a súa explotación e suporá, previsiblemente, un incremento do rendemento económico do traballo dos mariscadores de a pé.

Participantes: O número de mariscadoras con permex en vigor é de 10. Ademais, está pendente a concesión de 2 novos permex de a pé nesta Confraría, de acordo coa ampliación aprobada para o ano 2008.

Cota máxima de captura: O seguimento da actividade extractiva dos últimos anos, os resultados das mostraxes realizadas e os obxectivos de produción desaconsellan acceder ó incremento proposto da cota máxima de captura de ameixa xaponesa, polo que queda fixada en



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

8 kg/mariscador/día.

Artes: A gancha a pé non é unha arte autorizada no Decreto 424/1993, polo que para o seu uso deberá aprobarse un plan experimental.

Puntos de control: Establécense puntos de control nas zonas de extracción -praias de Cruces, Cambra e Insuela- nos que se rexistra o número de mariscadoras e se fai o control de cupos e tallas. Os responsables dos puntos de control serán os vixiantes da confraría que contarán coa axuda da asistencia técnica.

Cómpre lembrar o establecido na disposición adicional quinta da Orde do 8 de febreiro de 2008: *“no caso de produtos pesqueiros frescos que teñan que pasar un punto de control, de acordo co plan de explotación correspondente, a mercadoría non poderá ser retirada deste punto polo mesmo propietario que a entrega”.*

Remisión dos datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior

Traballos de semicultivo: A organización das accións previstas de semicultivo correspóndelle á directiva da agrupación de marisqueo a pé. Os traballos están ben definidos, así como a súa obrigatoriedade, e computarán como días de actividade a efectos de renovación do permex. A persoa responsable do control de asistencias é o patrón maior da confraría ou, na súa ausencia, persoa na que delegue.

Vixilancias: Os mariscadores colaborarán cos vixiantes da confraría nas labores de vixilancia, sendo a directiva da agrupación a encargada da organización e distribución dos grupos. Establécese a obrigatoriedade da participación nas vixilancias e que computarán como días de actividade a efectos de renovación do permex. Os responsables do control de asistencias serán os vixiantes da confraría.